



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 26 de febreiro de 2020**

1. Apróbase a acta da sesión ordinaria anterior, de data 18/02/2020.
2. Concédese licenza de obras para a realización dun muro de contención de terras en cachotería de pedra de xunta seca, sen modificar a rasante do terreo dunha parcela sita no núcleo rural de Ameal, Marín.
3. Denégase a licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta semisoto, planta baixa e planta piso no lugar de Castro, nº7, Marín.
4. Concédese licenza de obras para a rehabilitación da estrutura da cuberta e a reposición de tellas da construción sita en Casás, nº23, Ardán, Marín.
5. Concédese licenza de obras para a reforma de cuberta e ampliación de vivenda unifamiliar tradicional de planta baixa e primeira na súa fachada este, situada no lugar de Mogor, nº 88, Marín.
6. Adxudícase o contrato de "Redacción dun estudio de detalle, redacción de proxecto e dirección facultativa da obra, así como a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde para a construción dun equipamento sociocultural no municipio de Marín", actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciamento do 80%, no marco do eixo 12 do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020 e, máis concretamente, da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) do Concello de Marín, MARÍN 2020, Lote 1: á empresa NAOS 04 Arquitectos, S.L.P., con CIF B70058573, polo prezo de 141.328,00 euros, IVE incluído (prezo ofertado sen IVE 116.800,00 €; 21% IVE: 24.528,00 €). Lote 2: á empresa IDOM Consulting, Engineering, Architecture, S.A.U., con CIF: A48283964, polo prezo de 41.615,14 euros, IVE incluído (prezo ofertado sen IVE 34.392,68 €; 21% IVE: 7.222,46 €); Lote 3: á empresa SEGURINCO, S.L., con CIF B36911881, polo prezo de 21.235,50 euros, IVE incluído (prezo ofertado sen IVE 17.550,00 €; 21% IVE: 3.685,50 €).
7. Dáse conta da prórroga de subvención para a contratación de traballadores/as en prácticas por 6 meses máis, no programa "O teu primeiro emprego", da Deputación de Pontevedra.
8. Solicítase subvención por importe de 13.745,52 euros con cargo ás subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con destino ó proxecto de obra ou servizo denominado "Apoio ao servizo de limpeza forestal".
9. Solicítase subvención por importe de 112.631,04 euros con cargo ás subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con destino ó proxecto de obra ou servizo denominado "Salvamento e socorrismo".
10. Solicítase subvención por importe de 139.374,00 euros con cargo ás subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con destino ó proxecto de obra ou servizo denominado "Apoio ao servizo de obras públicas".
11. Solicítanse axudas para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e polo pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto, 46.462,79 euros para o Programa de Apoio aos CIM e 8.000 euros para o Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.
12. Dáse conta da comunicación da Consellería do Medio Rural relativa á información sobre a tramitación de solicitudes de axudas ao abeiro do Plan Marco de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004AC0200A4V3X6H5N2X7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200306178
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 11/03/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 14:30:07	Fecha: 11/03/2020 Hora: 14:30





13. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións a entidades locais para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, da Consellería de Cultura e Turismo.
14. Solicítase unha axuda por importe de 18.129,12 euros para o proxecto denominado “Divulgación e promoción da actividade da Praza de Abastos”, ó abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro, da Consellería do Mar.
15. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Proxecto básico e de execución en relación ó campo de fútbol da Raña, Marín”, cun orzamento tal de 430.455,07 euros, con cargo ó Plan Concellos 2020, comprometendo o Concello unha achega de 119.748,52 euros.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004AC0200A4V3X6H5N2X7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200306178
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 11/03/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 14:30:07	Fecha: 11/03/2020 Hora: 14:30